

previsión informativa

SEMINARIO SOBRE PATENTABILIDADE DE ALGORITMOS E/O INVENCIONS IMPLEMENTADAS EN ORDENADOR

Santiago, 26/09/11.- Mañá martes 27 de setembro ás 10:00 horas terá lugar na Facultade de Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela un seminario sobre patentes impartido por Javier del Ser Lorente e Sergio Gil-López, de Tecnalia Research and Innovation, no que se presentará o proceso de patentabilidade dun algoritmo e exporanse exemplos das patentes algorítmicas.

Dirixido a investigadores da Rede e-Math e a empresas tecnolóxicas, no seminario falarase de Propiedade industrial e intelectual, Patentes: conceptos xerais e tipos, Documento de patentes, Patentes de software e/ou algoritmos, Exemplos prácticos de procura de patentes de algoritmos en Spacenet, e o caso concreto de TECNALIA: experiencia en patentabilidade de algoritmos.

Requírese inscrición ao seminario, xa que se poderá asistir ao mesmo tanto de maneira presencial como por videoconferencia, inscribíndose aquí:

<http://matematica.nodo.cesga.es/content/view/322/76/>

Acto: Seminario sobre patentabilidade de Algoritmos e Invencións Implementadas en Ordenador

Día: Martes, 27 de Setembro, 2011.

Hora: 10:00-12:00 horas

Lugar: Aula de Videoconferencia. Facultade de Matemáticas.
Santiago de Compostela.

Máis información:

<http://www.cesga.es>

<http://matematica.nodo.cesga.es/>